

Resolución definitiva

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA), SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

1. Antecedentes:

Mediante Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG nº 185, do 28 de setembro de 2023), publicáronse as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa centros de fabricación avanzada), susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Esta convocatoria é susceptible de ser cofinanciada no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, que ten unha taxa de cofinanciamento do Feder do 60%, computando como cofinanciamento nacional o cofinanciamento do 20% mediante fondos propios da Comunidade Autónoma e o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20% restante. En particular:

Obxectivo político 1: Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Obxectivo específico 1.3: O reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

Actuación 1.3.01.: Apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial, especialmente das pemes, para promover o crecemento sustentable, a competitividade e a creación e o mantemento do emprego.

Campo de intervención TI0021: Desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e o Regulamento (UE) nº 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda implica a aceptación da persoa beneficiaria a ser incluída na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060. Así mesmo, a persoa beneficiaria deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 50 do devandito Regulamento (UE) nº 2021/1060.

Para a avaliación das 5 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de avaliación establecidos no artigo 12.4 das bases reguladoras da axuda:

a) Interese para o tecido empresarial de Galicia da infraestrutura: 20 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

i. Grao de necesidade da infraestrutura baseado nos servizos ofertados, na inexistencia previa no territorio de infraestruturas competidoras e non interferencia con iniciativa privada local: ata 5 puntos.

ii. Número e dimensión económica dos axentes promotores da infraestrutura, así como das entidades usuarias ou interesadas no proxecto que establezan claramente o seu interese mediante as correspondentes cartas de adhesión motivadas: ata 5 puntos.

iii. Vantaxes ambientais, de existiren: ata 3 puntos.

iv. Grao de innovación tecnolóxica da infraestrutura: ata 3 puntos.

v. Grao de aliñación cos obxectivos da RIS3 de Galicia: ata 4 puntos.

b) Tipoloxía de solicitante: ata 15 puntos.

i. Peme individual preexistente: 0 puntos.



ii. Proposta de nova sociedade formada por dúas ou máis pemes preexistentes: 5 puntos por cada empresa a partir da segunda.

c) Achegas públicas ou privadas (que non formen parte dos investimentos subvencionables) ao proxecto na forma de fondos, inmobles, instalacións, compromisos de cesión a longo prazo, equipamento e outros: 10 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas asignando maior puntuación ás solicitudes cuxas achegas sexan máis importantes cualitativa ou cuantitativamente.

d) Plan de explotación e modelo de xestión: 20 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

i. Sustentabilidade, coherencia, concreción do plan de negocio presentado, obxectivos do proxecto e xustificación con base neles da necesidade das partidas económicas consignadas: ata 5 puntos.

ii. Sistema de acceso para terceiros, marco de admisión, regulación e tarificación, limitacións, contraprestacións e outras características, primando aquelas que supoñan un maior beneficio para os usuarios da infraestrutura: ata 7 puntos.

iii. Período de amortización dos investimentos para os cales se solicite axuda, primando aqueles que teñan un baixo período de amortización: ata 5 puntos.

iv. Compromiso de contratación de persoas con discapacidade ou diversidade funcional máis aló dos mínimos establecidos: ata 3 puntos.

e) Impacto do plan de actividades asociado á infraestrutura: 10 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

i. Actividades de formación, difusión e dinamización do tecido económico propostas: ata 5 puntos.

ii. Actividades de fomento da internacionalización e innovación: ata 3 puntos.

iii. Actividades de atracción de talento e fomento do emprendemento e outras similares: ata 2 puntos.

f) Proposta asociada a un *hub* de innovación dixital declarado estratéxico para Galicia que se asignará a un máximo de dous proxectos por cada *hub* estratéxico: 25 puntos.

No caso de empate nas puntuación, decidírase a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración dos criterios a, b, c, d, e e f sucesivamente. Se aínda así segue existindo empate, co fin de promover a incorporación do principio transversal de igualdade enunciado no art. 9 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, decidírase a favor do proxecto en que se prevexa a implantación dun plan de igualdade. De persistir o empate, darase preferencia aos proxectos segundo a súa orde de presentación.

O órgano avaliador considerará unicamente as solicitudes que acadaran 40 puntos.

Unha vez finalizada a fase de defensa pública do proxecto e analizados conxuntamente os informes técnicos dos 5 proxectos presentados dentro do prazo establecido e tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nas bases reguladoras destas axudas e o procedemento establecido no artigo 12.5, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución provisional con data 14 de febreiro de 2024, que se publicou na páxina web do Igape <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> o 15 de febreiro de 2024, concedéndolles aos interesados un prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar alegacións. Así mesmo, requiríuselle ao líder da agrupación, no caso de que presentara a solicitude o líder da agrupación, para que no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, presentara a documentación acreditativa da constitución da nova sociedade que vai recibir a axuda, relacionada no artigo 13.2 das bases reguladoras.

Unha vez examinadas, de ser o caso, as alegacións presentadas polas persoas interesadas, e revisada, de ser o caso, a documentación presentada polo líder da agrupación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape, ditou a proposta de resolución definitiva.

2. Resolución:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións ás 3 persoas beneficiarias que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 5.588.529,10 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.



Segundo. Denegar as 2 solicitudes presentadas polas persoas interesadas que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Aprobar as condicións particulares para cada persoa beneficiaria derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

Cuarto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, de acordo co establecido no artigo 14.4 das bases reguladoras.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que as persoas interesadas accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedese ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedese ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
A directora xeral do Igape	Covadonga Toca Carús	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA), SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG264.2023.1.3	PEDRALONGA ESTUDIOS, S.L. (B70881578)	CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL AVANZADA: PEDRALONGA ESTUDIOS	61,00	30/06/2026	30/06/2026	6.114.310,00	79,68	4.871.819,30
IG264.2023.1.4	Kreios Space, Sociedad Limitada (B05474267)	CENTRO DE DESARROLLO Y CERTIFICACIÓN DE TECNOLOGÍAS SATELITALES	76,00	30/06/2026	30/06/2026	658.509,25	80,00	526.807,40
IG264.2023.1.5	CENTRO DE SERVICIOS AVANZADOS CIUDAD DE LAS TIC, S.L. (B01804749)	Servicios Avanzados de Datos CSA Cidade das TIC	56,00	30/06/2026	30/06/2026	237.378,00	80,00	189.902,40

TOTAL:

5.588.529,10



ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA), SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG264.2023.1.1	32673344G	ADQUISICION NAVE INDUSTRIAL	- Incumprimento do Artigo 1 das bases reguladoras (apartados 1.a), b) e d)), e - Incumprimenro do Artigo 5.3 das bases reguladoras O proxecto desenvolve a compra dun taller de reparación; en particular incumpre o artigo 1.d) => Deberán prestar servixos que non estean dispoñibles localmente no momento da solicitud. Existe interferencia coa iniciativa privada.
IG264.2023.1.2	CADMO Centro Marítimo de Apoyo y Dinamización, S.L. (EN CONSTITUCIÓN) (CFIC139424)	CADMO Centro Marítimo de Apoyo y Dinamización	Incumprimento artigo 1. Proxectos obxecto de apoio das bases reguladoras => O proxecto desenvolve a compra dun ERP e a prestación de servizos de asesoría; en particular incumpre o artigo 1.d) => Deberán prestar servizos que non estean dispoñibles localmente no momento da solicitud. Existe interferencia coa iniciativa privada.